

CONCURSO DE CARTEIS

50 ANIVERSARIO DA FOLGA XERAL DE 1972 EN VIGO

A Unión Comarcal de CCOO de Vigo convoca un concurso de carteis con motivo do 50 aniversario da Folga Xeral de 1972 en Vigo. O propósito é difundir o papel fundamental da clase obreira na conquista das liberdades, a fin da ditadura e a construción dun mundo máis xusto e igualitario.

Este é un concurso aberto, dirixido a deseñadores/as, artistas e creadores/as. Polo tanto, poderán participar todas persoas que estean interesadas, individualmente ou en equipo.

BASES DO CONCURSO

1. A participación será libre e aberta.
2. Cada concursante poderá presentar tantos traballos como estime conveniente.
3. As persoas participantes gozarán de completa liberdade creativa para o deseño do cartel, que estará relacionado coa loita da clase traballadora a prol de dereitos fundamentais, económicos e políticos.
4. O xurado valorará a composición técnica, a calidade gráfica e a eficacia comunicadora. O xurado estará presidido por Carlos Núñez Rodríguez e integrado por especialistas en deseño e comunicación. Os nomes das persoas premiadas daranse a coñecer no momento de facerse pública a decisión do xurado.
5. O cartel debe ter formato vertical, en tamaño de 40 x 60 cm, sen marxes. Incluído nestas medidas, deixarase un espazo libre na parte inferior, duns 7 ou 8 cm, onde se inserirá o logotipo da Unión Comarcal de CCOO de Vigo.
6. Non se admitirán os traballos en que se utilicen imaxes ou plaxios de imaxes doutros autores ou institucións, ou que, por representaren persoas, animais ou cousas, sexan susceptibles de ser impugnados ou reclamados os seus dereitos de utilización por persoas e/ou institucións que poidan acreditar a súa propiedade.

7. Para a toma en consideración da obra presentada, as/os participantes deben ceder voluntariamente os dereitos de autor/a dos carteis seleccionados polo xurado designado nestas bases para o seu uso en contidos relativos á Folga xeral de Vigo de 1972, dos que só poderá facer uso a Unión Comarcal de CCOO de Vigo. No caso de non existir cesión voluntaria de dereitos da obra en prazo, entenderase que non se cumpre con todos os requisitos establecidos nas bases, e polo tanto, non poderá participar no concurso.

A Unión Comarcal de CCOO de Vigo, comprométese a divulgar o nome do autor/a xunto coa reprodución da obra.

8. As obras presentaranse unicamente por correo-e, na seguinte conta: concursoccoovigo@galicia.ccoo.es, ata o día 22 de xullo de 2022, indicando «CARTEL», así como os nomes e apelidos do/a autor/a, enderezo postal, teléfono de contacto e arquivo adxunto coa obra asinada con pseudónimo.

O xurado comunicará o 16 de setembro as obras seleccionadas como finalistas; previamente informará as autoras e autores.

10. As obras presentadas estarán debidamente recortadas, é dicir, sen que apareza o marco, cabaleta, etc., e en formato **jpg**, cun peso de entre 2 e 3 **MB**. Os carteis que non cumpran estes requisitos non serán admitidos.

11. Os carteis seleccionados quedarán en posesión da Unión Comarcal de CCOO de Vigo para usos de comunicación, de acordo sempre coas disposicións legais vixentes na materia.

12. A participación neste concurso supón a aceptación íntegra destas bases.

13. Calquera punto non previsto nas bases deste concurso de carteis será resolto segundo o criterio do xurado.

PREMIOS

O premio é a publicación dos carteis no libro do *50 aniversario da Folga Xeral de Vigo-72*.

Concederanse un primeiro premio de 200 € e un segundo premio de 100 €.

Os carteis que, pola súa calidade, sexan recoñecidos cunha mención especial non recibirán premio económico pero farán parte da edición do libro e daráselle a difusión correspondente.